

(Domega)

A Coruña
18.XI.74

Luis Seoane
Buenos Aires

Meu amigo:

Recibo e contesto a túa do día 11 do mes que andamos. E, nono acubillo, recíboa e contéstoa con disgusto. Cun disgusto simétrico ao reflexado na túa. O retrato que mandas, aínda que moi bó de parecido, non é do noso agrado. Mais, que lle imos facer! O modelo non dá máis de sí. Nin siquiera deixa moito marxe á idealización. Mais o disgusto non pode, nin debe, levármonos á desesperación. Sabemos, e bó é, que temos un boi que turra dun lado. Terémolo, logo, en conta pra vérmolo xeito de pulsear ben a rabela do arado pra que non saian tortos os sucos da nosa arada. E, como axifia terémola enorme lelicia de contar coa vosa presenza física, aforro verquer ao papel as incidencias do lerio. Rebasan os lindeiros dunha carta, e non é cousa agora de redactar un informe xurídico para o Tribunal Internacional da Haya, artellar unha biografía do persoaxe, ou matinar nun estudo antropolóxico encol do mesmo. Non paga a pena. Porque as cousas van indo, que é o que importa. Pola túa banda, podes aforrar a viaxata ao consulado. Cando veñas, estaremos en tempo.

Polo demáis, o que había de vir, veu. O noso amigo xa ten no peto a sentenza que agardaba. Tal como supoñíamos, non arranxa nada. As cousas fican como estaban denantes de se encetar o belén. Acolle, das nove peticións de condena feitas polos actores, unha coa que xa concordabámos. Mais, con todo, o noso amigo mandóunola apelar. E, pra maior fachenda, entróulle un novo proído: unha querellitis aguda. Colléu a teima de sentar no banquillo a tódolos que, en contra, interviron no pleito: demandantes, abogados, procuradores, peritos e, si se terciá, ao propio xuéz. E mesmo ao moro Muza. Delirante, querido Luis, delirante.

Por eiquí véñse advertindo unha brisifia lixeira, maína e confortadora, á par que vai esmorecento, fatigado, o noso veciño ferrolán. E no monolito van xurdindo fendas. Entróulle, fatalmente, o mal da pedra. Poderán, sí, bizmalo con cataplasmas dilatorias, mais o verme ha seguir rillando nél. Está xa pra furar a códea.

E sin máis por hoxe, recordándovos que a paciencia é unha virtude que convén exercitar, recibide Maruxa e máis tí cinguidas apertas de nólos tres.

Domega